

II.- PROBAS EN ESTRADA

II-A.- CODIFICACIÓN DAS CARREIRAS DE ESTRADA

As probas que se realicen en Galicia e que non estean inscritas no calendario nacional terán a seguinte clasificación e participación que a continuación se indica:

CLASE	MODALIDADE
1.11	Probas CRI de Cadetes a Másters
1.11A	Probas de Cadetes F/M, Junior F/M e Féminas Élite
1.12A	Probas de Élite e Sub-23
1.13A	Probas de Sub-23
1.13.A1	Probas de Junior e Sub-21 (carreiras limitadas pola CT)
1.14A	Probas de Junior
1.14A1	Probas de Junior e Cadetes de 2º ano (carreiras limitadas pola CT)
1.15A	Probas de Féminas (Élite, Júnior, Cadete)
1.16A	Probas de cadetes
1.17A	Probas de Escolas (Infantís, Alevíns, Principiantes, Promesas)
1.17A1	Probas de Escolas e Cadetes (conxunta)
1.17A2	Probas de Escolas e Cadetes (circuito + estrada)
1.17A3	Probas de Escolas, Cadetes e Junior (circuito)
1.18A	Probas de Master 30, 40, 50 e 60
1.18A-ES	Probas de Sub 23, Élite, Master 30, 40
1.19A	Probas de Master 30 e 40
1.20A	Criteriums Élite UCI e Élite
1.40A	Carreiras Sociais (so para afiliados do mesmo clube)
CTI	Carreiras Territorial por Invitación
CG	Campionato de Galicia
CG. CRE	Campionato de Galicia CRE Cadete a Master 60
CG. CRI	Campionato de Galicia CRI Cadete a Master 60
CG. Estrada	Campionato de Galicia Fondo en Estrada Cadete a Master 60

Poderanse engadir codificacións de probas ou variar as existentes a criterio da Xunta Directiva, segundo a proposta da Comisión Técnica.

II-B.- REGULAMENTO PARTICULAR

O Organizador debe cubrir un Regulamento particular para a súa proba, presentalo debidamente cuberto con toda a documentación anexa informativa da proba nun prazo anterior aos 100 días, para o seu estudo e aprobación se procede polos órganos competentes da Federación Galega de Ciclismo, e ser enviado ao órgano administrativo (Xunta de Galicia ou Concello segundo o caso), para obter das autoridades civís a aprobación correspondente.

A documentación que se ten que presentar deberá constar do regulamento, rutometro, croquis o plano do percorrido e do perfil con indicación dos horarios de paso, memoria, certificación do seguro de responsabilidade civil e de accidentes se é unha proba na estrada e necesita a aprobación do Servizo de Espectáculos Públicos da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza. Deberase ademais especificar claramente o seguinte:

- Quilómetros exactos da proba
- Lugar exacto da saída e da chegada, con nomes das rúas e direccións completas.
- Lugar onde deben facerse as inscricións e hora de comezo delas
- Persoa e teléfono de contacto responsable da organización da proba

As modificacións do regulamento ou programa de carreira, aprobado polo órgano competente, incluídas aquelas que fan referencia ao percorrido e á quilometraxe, autorizaranse cando se dea unha circunstancia sobrevida, inmediatamente antes ou durante a carreira, por causas imprevistas ou de forza maior que poñan en perigo a integridade dos concorrentes e a regularidade da proba. Tal circunstancia, deberá ser recoñecida como válida polo presidente do xurado técnico e o director de organización.

Calquera decisión, das citadas anteriormente, deberá ser comunicada aos directores deportivos para que o poñan en coñecemento dos seus corredores no máis breve espazo de tempo posible, de forma colectiva ou individualmente, segundo as circunstancias.

En caso de non realizarse a carreira, por causa de forza maior recoñecida, o organizador pode solicitar que teña lugar noutra data dispoñible.

En caso de suspensión, o organizador deberá asumir os gastos federativos da proba.

O organizador dunha proba debe de poñer á disposición dos equipos participantes unha lista dos hospitais próximos ao percorrido da proba ou etapa, que teñan convenio co seguro de Accidente Deportivo concertado pola Federación.

Igualmente terá que ter previsto o seguinte:

- Preparará un local de inscrición (verificación de licenzas e entrega de dorsais) adecuado para tal fin.
- Presentará ao Presidente do Xurado Técnico as preinscricións, se as houberse.
- Disporá de dúas placas adecuadas para a identificación e acreditación dos vehículos que poderán seguir a carreira e circular dentro da cápsula de seguridade da mesma.
- Disporá dun local reservado, para a reunión cos Directores Deportivos, os árbitros, Forzas de Orde Pública o suficientemente amplo.
- Contar cun lugar adecuado para que os membros do Xurado Técnico deliberen e poidan facer as clasificacións sen intromisión de corredores, directores e público.
- Inmediatamente logo de terminada a proba, ter preparada a cerimonia protocolaria para a entrega dos premios aos tres primeiros clasificados da carreira, o gañador dos pasos intermedios, e o primeiro equipo se así o establece os regulamentos particulares.
- Nas probas en estrada, contarase cun coche de apoio neutro, suficientemente equipado con augas embotelladas e precintadas, e rodas cos desenrols axeitados a categoría que disputa a proba. Nas probas do calendario da RFEC é obrigatorio dispor de polo menos dous, segundo artigo do Título II-B.1: Probas de Estrada. O vehículo

deberá ser conducido en carreira polo menos por un monitor de ciclismo ou condutor con experiencia en carreiras ciclistas.

- Instalarase unha tarima ou zona elevada para o xurado técnico con fin de ter boa visibilidade da liña de chegada; a tarima situarase no lado esquerdo segundo o sentido da chegada.
- Para probas en estrada serán necesarios 4 vehículos para o xurado técnico e 1 para o médico, ademais, disporase de unha motocicleta, axeitada e acondicionada para transportar a un membro do xurado técnico da proba en caso de ser necesario.
- **En probas de estrada, se facilitara unha frecuencia, para poder estar conectado coa radio volta.**

Para probas en circuito urbano disporase de unha moto para abrir a carreira e outra a disposición do xurado técnico para o que estime necesario, esta motocicleta, deberá ser axeitada e acondicionada para transportar a un membro do xurado técnico.

II-C.- PARTICIPANTES

Todo/a participante nunha proba de estrada ou ciclismo para todos aprobada pola Federación Galega de Ciclismo, será o/a responsable da súa actuación, tendo que circular aténdose ás normas de tráfico en carreira, e en caso de retirada por circular fóra de control, abandono na mesma ou expulsión por sanción arbitral, deberá quitar o dorsal, e terá que ser evacuado polo coche do director de equipo/club ao que pertence ou polo vehículo escoba da proba.

Para este suposto a responsabilidade en caso de accidente, unha vez fóra da proba, será do deportista, con exención de responsabilidade ao organizador e á Federación Galega de Ciclismo.

II-D.- PARTICIPACIÓN EN COMPETICIÓN NO EXTRANXEIRO

Para participar en calquera tipo de competición fóra da Comunidade Galega e en especial as saídas ao estranxeiro, é necesario comunicalo por escrito á Federación. O incumprimento desta condición deixa sen efecto as coberturas do seguro.

Para solicitar o permiso é necesario que a petición teña entrada na Federación Galega de Ciclismo polo menos **7** días hábiles antes de disputarse a proba.

Os equipos e corredores das categorías Elite e Sub23, non necesitarán comunicar a participación, agás se van participar no estranxeiro.

II-E.-CONDICIÓN DE PARTICIPACIÓN DE EQUIPOS NON GALEGOS

Poderán participar corredores adscritos a outras federacións.

II-F.- CARACTERÍSTICAS DA BICICLETA PARA AS PROBAS EN ESTRADA

Según Normativa UCI/RFEC, os freos de disco están permitidos nos adestramentos e competicións de ruta e contra reloxo.

II-G.- Seguridade da proba

O organizador dunha proba debe velar pola seguridade de todos os participantes, sexan corredores ou os seus acompañantes con licenza en vigor, realizando coa máxima dilixencia todo tipo de sinalización para prever posibles perigos. Ademais, está obrigado a dispor en exclusiva para a proba e os seus participantes, dun médico e una ambulancia obrigatoriamente. Recomendable dúas ambulancias. Salvo caso de extrema urxencia, será o médico oficial da proba quen determine se un accidentado precisa a súa evacuación a un centro sanitario ou non.

En probas na estrada é obrigatorio dispor dun coche escoba ou de peche con capacidade

polo menos para 10 bicicletas e 10 participantes.

A zona de saída nas probas deberá situarse en lugares que permitan organizar un parking para o total dos vehículos que forman a caravana da carreira, evitando así colapsar a zona e permitindo a circulación de vehículos alleos a competición deportiva antes do seu inicio.

A zona de meta, obrigatoriamente deberá estar protexida cun valado e/ou cerramento como mínimo 100 metros antes e 50 metros logo da liña de chegada, así como dispor da debida sinalización de "Meta".

Os organizadores deberán dispor do suficiente persoal adecuado e identificado (petos, bandeiras amarelas, etc.) que se situará nos puntos que pola súa condición leven un perigo para os participantes na carreira, como son: cruces, rotondas, puntos perigosos, etc.

En probas na estrada situaranse onde dispoñan as respectivas autorizacións emitidas polas Xefaturas Provinciais de Tráfico ou outros organismos oficiais, e dispor dos vehículos que indican o Inicio e Final de "Carreira Ciclista".

Todos os vehículos da proba teñen que levar distintivo credencial diante zona dereita parabrisas e detrás zoa esquerda cristal para súa identificación.

Un organizador debe ter presente que a Comisión Nacional Antidopaxe pódelle designar a realización dun control. De darse esta circunstancia, debe terse preparado un local adecuado para a súa realización.

En toda proba que se realice ou finalice, en circuío, o organizador deberá dispor dun conta-voltas e demais medios (megafonía ou campá), para informar do número de voltas que restan para a finalización da proba, e en especial a indicación da última volta.

Neste tipo de probas en circuío non haberá toma de tempos obrigatoria por parte do equipo arbitral e en ningún caso constará en acta o tempo investido nin a velocidade media.

NORMATIVA TÉCNICA 2021

As probas en circuíto urbano, que se disputen dende a categoría cadete e superiores, deberán facerse sobre trazados con unha lonxitude mínima de 1,5 kilómetros.

II-H.- PREMIOS

Os premios mínimos nas probas na modalidade de estrada do calendario da Federación Galega de Ciclismo son os que se indican, e serán repartidos da seguinte forma:

CATEGORÍAS	PREMIOS MÍNIMOS
PROMESAS, PRINCIPIANTES, ALEVÍNS E INFANTÍS	Trofeo aos 3 primeiros clasificados por categoría e as 3 primeiras clasificadas por categoría.
CADETE MASCULINO	Trofeos aos 3 primeiros
CADETE FEMININO	Trofeos ás 3 primeiras ou as participantes que remataran, só primeira, ou primeira e segunda.
JUNIOR MASCULINO	Trofeos aos 3 primeiros
JUNIOR FEMININO	Trofeos ás 3 primeiras ou as participantes que remataran, só primeira, ou primeira e segunda.
ÉLITE E SUB-23 MASCULINO	Premios económicos de acordo coas Obrigas Financeiras da FGC. Trofeos aos 3 primeiros.
ÉLITE E SUB-23 FEMENINO	Premios económicos de acordo coas Obrigas Financeiras da FGC. Trofeos ás 3 primeiras ou as participantes que remataran, só primeira, ou primeira e segunda.
MASTER 30, MASTER 40, 50 e 60.	Trofeo aos 3 primeiros clasificados por categoría. Se houberse participación feminina e remata a proba, deberá levar tamén o trofeo do posto correspondente.

II-I.- CERIMONIAS PROTOCOLARIAS DE PODIO

É obrigatorio acudir a entrega de premios co uniforme oficial de competición do equipo en todas as competicións de todas as modalidades.

II-J.- CATEGORÍAS, CONDICIÓN DE PARTICIPACIÓN, DISTANCIAS E DESENVOLVEMENTOS

En todas as probas do calendario FGC das categorías elite, sub23, júnior e cadetes está permitido a utilización de radio o outros medios de comunicación a distancia para os corredores, así como a posesión de calquer equipamento válido para este fin.

II-J.1.- CADETES

II-J.1.1.- DESENVOLVEMENTO PARA CADETES MASCULINO E FEMININO

O desenrolo máximo que poderán utilizar é de 52 dentes no prato grande e 16 dentes na coroa máis pequena, que equivalente a 6,94 m.

II-J.1.2.- COMPETICIÓN / DISTANCIAS PARA CADETES MASCULINO

- **En liña:** Distancia máxima na estrada de 60 km.
- **Contra Reloxo:**
 - Individual cun máximo de 12 km.
 - Equipos cun máximo de 20 km.

II-J.1.3.- COMPETICIÓN / DISTANCIAS PARA CADETES FEMININAS

- **En liña:** Distancia máxima na estrada de 60 km.
- **Contra Reloxo:**
 - Individual cun máximo de 12 km.
 - Equipos cun máximo de 15 km.

II-J.1.4.- PARTICIPACIÓN DA CATEGORÍA

Tanto os cadetes masculinos como femininos, non teñen límite de días de competición en probas dun día.

II-J.1.5.- VOLTAS POR ETAPAS

Segundo regulamentación da RFEC.

II-J.2.- JUNIORS

II-J.2.1.- DESENVOLVEMENTO PARA JUNIORS MASCULINO E FEMININO

O desenrolo máximo que poderán utilizar é de 52 dentes no prato grande e 14 dentes na coroa máis pequena, que equivalente a 7,93 m.

II-J.2.2.- COMPETICIÓNS / DISTANCIAS PARA JUNIORS MASCULINO

➤ En liña:

- Marzo e Abril 100 km. máximo
- Maio e Xuño 110 km. máximo
- Xullo e Agosto 120 km. máximo
- Setembro e Outubro 130 km. máximo

➤ Contra Reloxo:

- Individual 20 km. máximo
- Equipos 40 km. máximo

II-J.2.3.- COMPETICIÓN / DISTANCIAS PARA JUNIORS FEMININAS

- **En liña:** Distancia máxima na estrada de 80 km.

- **Contra Reloxo:**
 - Individual 15 km. máximo
 - Equipos 30 km. máximo

II-J.2.4.- PARTICIPACIÓN DA CATEGORÍA

Poderán participar nun máximo de 40 días de carreira ao ano. Dentro deste número contabilizaranse tamén os días correspondentes ás probas por etapas en que participen. Non se contabilizará neste cómputo a participación nos campionatos nacionais.

II-J.2.5.- VOLTAS POR ETAPAS

Un/ha corredor/a Júnior de 17 anos, poderá participar como máximo en 3 voltas por etapas ao longo do ano. Non se terán en conta neste cómputo as probas disputadas polo/a corredor/a coa selección autonómica ou a nacional.

Os/as corredores/as que participen nunha proba por etapas gardarán 5 días de descanso ata a seguinte proba.

Para participar nunha proba por etapas é necesario obter a autorización do Comisión Técnica da Federación, que deberá ser entregada ao Xurado Técnico quen debe achegala á acta da carreira.

II-J.3.- SUB-23

II-J.3.1.- DESENVOLVEMENTO PARA SUB 23 MASCULINO E FEMININO

Utilizarán un desenvolvemento libre.

II-J.3.2.- COMPETICIÓNS / DISTANCIAS PARA SUB 23 MASCULINO

As distancias máximas sobre as que poderán participar son:

- En liña
 - Ata 180 Km.

- Contra Reloxo
 - Individual 40 Km.
 - Equipos 50 Km.

II-J.3.3.- COMPETICIÓNS / DISTANCIAS PARA SUB 23 FEMININO

As distancias máximas sobre as que poderán participar son:

- En liña
 - Ata 140 Km.

- Contra reloxo
 - Individual 40km
 - Equipos 50km

II-J.4.- ÉLITE

II-J.4.1.- DESENVOLVEMENTO PARA ÉLITE MASCULINO E FEMININO

Utilizarán un desenvolvemento libre.

II-J.4.2.- COMPETICIÓN / DISTANCIAS PARA ÉLITE MASCULINO

As distancias máximas sobre as que poderán participar son:

- En liña
 - Ata 200 Km.
- Contra reloxo
 - Individual 50 Km.
 - Equipos 60 Km.

II-J.4.3.- COMPETICIÓN / DISTANCIAS PARA ÉLITE FEMININO

As distancias máximas sobre as que poderán participar son:

- En liña
 - Ata 140 Km.
- Contra reloxo
 - Individual 40km
 - Equipos 50km

II-J.5.- FÉMINAS

Poderán organizarse carreiras de féminas nas que poderán correr conxuntamente todas as categorías. Nelas haberá unha clasificación individual para cada categoría. No caso de que non se organicen carreiras específicas para mulleres, estas poderán correr conxuntamente cos homes, segundo o previsto na Normativa Técnica da RFEC. Nese caso, as féminas competirán co mesmo número de voltas que os homes.

Sempre que haxa un número igual ou superior a tres corredoras por categoría, elaborárase unha clasificación independente en función da categoría.

Deste xeito o organizador poderá establecer a entrega de trofeos polo menos á primeira

clasificada de cada categoría podendo poñer a condición de que polo menos haxa 3 participantes.

No caso de que unha ciclista con licenza de Master, participe nunha proba de féminas, considerarase á ciclista con licenza Master como ciclista con licenza élite a todos os efectos.

II-J.6.- MASTER 30

Os ciclistas a partir de 30 anos que non queiran optar pola licenza Élite, poden obter a licenza de Máster 30. Poderán cambiar a súa licenza a Elite ao longo da tempada, segundo a Normativa Técnica da RFEC.

A kilometraxe máxima será de 120 kms

O prezo de inscrición en probas desta categoría será libre, a excepción das probas puntuables para a Copa Galicia de Estrada Máster.

II-J.7.- MASTER 40, 50 E 60

Subdivídense en tres categorías: Master 40 (de 40 a 49 anos); Máster 50 (de 50 a 59 anos) e Master 60 (de 60 a 75 anos).

Poderán participar sempre que non teñan carreira para a súa categoría o mesmo día, nas probas dos Masters 30 coas mesmas condicións técnicas establecidas para estas categorías.

O organizador da proba poderá limitar a participación dalgunha das categorías de Masters, indicándo no regulamento particular.

A participación será conxunta cun máximo de 100 Kms. Para os Master 60 a kilometraxe máxima será de 85 kms.

O prezo de inscrición en probas desta categoría será libre, a excepción das probas puntuables para a Copa Galicia de Estrada Máster.

II-K.- PARTICIPACIÓN CONJUNTA

II-K.1.- JÚNIOR E SUB-21

II-K.1.1.- CONDICIÓN DE PARTICIPACIÓN

Con excepción dos Campionatos de Galicia, e sempre que os organizadores o fagan constar nos regulamentos particulares de cada proba, poderán participar corredores da categoría SUB-21 cos júniors, adaptándose tecnicamente ás condicións dos júniors, a condición de que non haxa na comunidade probas destinadas a corredores Sub-23 ou Elite.

II-K.1.2.- CLASIFICACIÓN E PREMIOS

Deberanse realizar clasificacións conxunta

II-K.2.- MASTER E JUNIOR

Con excepción dos Campionatos de Galicia, e sempre que os organizadores o fagan constar nos regulamentos particulares de cada proba, en estrada, poderán participar corredores da categoría JUNIOR cos Master. Os corredores da categoría junior non abonarán cota ou taxa de inscrición. Nas probas Challenge de masters, os juniors soamente poderán participar un so día.

II-K.3.- MULLERES CON CATEGORÍAS MASCULINAS

II-K.3.1.- SE COMPITEN COA SÚA RESPECTIVA CATEGORÍA MASCULINA

Nas probas en que a normativa aplicable permita a participación conxunta das categorías de mulleres con categorías masculinas, poderase organizar a saída diferida das mulleres en función das súas categorías unha vez iniciada a proba, xa sexa tomando a saída nunha determinada volta para probas que se disputen en circuío, ou ben, dando a saída nun punto

quilométrico para probas que se disputen na estrada.

Os membros do Xurado Técnico coordinarán coa organización e as participantes o criterio a seguir, extremando ao máximo a seguridade de todos os participantes durante este proceso.

II-K.3.2.- SE COMPITEN CUNHA CATEGORÍA MASCULINA INFERIOR

As corredoras Infantís só poderán participar na súa categoría

As cadetes mulleres poden participar cos infantís, optando a unha clasificación independente.

Sempre que non coincida con proba específica para elas.

As júniors co seu desenvolvemento poden participar cos cadetes, optando aos premios destes, ou cunha clasificación independente segundo o especificado no regulamento da proba.

As élites co seu desenvolvemento poden participar cos júniors, optando aos premios destes, ou cunha clasificación independente segundo o especificado no regulamento da proba.

En todos os casos, haberá unha clasificación individual para cada categoría, coa condición de que se presenten na saída da proba polo menos 3 representantes de cada categoría.

II-K.4.- ELITE, SUB23, MASTER 30 E MASTER 40

Poderán participar de forma conxunta en carreiras élite os corredores con licenza Master 30 e Master 40, sempre e cando así se faga constar no momento de incluír a proba no calendario oficial de probas da FGC e no regulamento particular da proba.

En ningún caso poderán tomar a saída máis de 200 participantes.

II-L.- CAMPIONATOS DE GALICIA EN ESTRADA

II-L.1.- CONDICIÓN DE PARTICIPACIÓN

Deberase realizar unha preinscrición dos/as participantes de todas as modalidades que se pechará o **domingo** anterior á disputa dos campionatos as 23:59 horas; dita preinscrición realizarase a través da pasarela de inscricións da Federación Galega de Ciclismo, na páxina web deste Federación.

O mesmo día da proba e ata unha hora antes da saída deberase confirmar a preinscrición mediante a mostra ao xurado técnico da licenza do corredor.

Poderá participar calquer corredor ou corredora, con licenza expedida pola RFEC ou por calquera federación afiliada a UCI. So os/as corredores/as con licenza expedida pola Federación Galega de Ciclismo, e que non sexan estranxeiros, poderán optar a medallas e maillots nos podiums dos Campionatos de Galicia.

Os corredores galegos non poderán participar en probas fóra de Galicia, coincidindo cos campionatos autonómicos da súa categoría, a excepción de probas con rango superior os Campionatos de Galicia.

Nos Campionatos de Galicia poderán participar corredores que estean en posesión da licenza federativa expedida por unha federación distinta a Federación Galega, pero nunca terán opción o podio do campionato. No caso de que se clasifiquen en postos de podio, farase a entrega de premios da categoría correspondente da carreira, a maiores do podio do campionato.

En caso das probas na estrada, a orde dos vehículos de equipos, por sorteo na reunión dos directores co xurado técnico coa condición de que se presenten polo menos 3 corredores na saída do campionato.

No caso de que houberse máis dun equipo que non participase o ano anterior, celebrarase un sorteo con estes equipos que irán a continuación dos anteriores.

Para as probas contra o reloxero, a preinscrición cerrase 5 días antes da proba as 23:59 horas. Saerá de último na súa categoría o corredor que manteña o título e categoría, resto de corredores por orden aleatorio na súa categoría. Cando o número de participantes en calquera das categorías sexa inferior a tres, estes corredores participarán cos corredores da categoría superior, a excepción dos masters que participaran coa inferior, quedando deserto o campionato. As competicións poderanse disputar nas categorías e modalidades que se analizan a continuación:

II-L.2.- CATEGORÍAS

As categorías de competición do Campionatos de Galicia, únicas con dereito a maillot acreditativo e medallas serán:

II-L.2.1.- MASCULINO

- Elite
- Sub-23
- Júnior
- Cadete
- Máster 30 / 40 / 50 / 60.

II-K.2.2.- FEMININO

- Elite
- Sub-23
- Júnior
- Cadete

- Máster 30 / 40 / 50

II-L.3.- CLASES DE CAMPIONATOS DE GALICIA

II-L.3.1.- MASCULINO

- Sub 23 e Elite en liña, a participación é conxunta pero as clasificacións son separadas a condición de que como mínimo tomen a saída 3 ciclistas en cada categoría.
- Sub 23 e Elite contra reloxo individual, a condición de que como mínimo tomen a saída 3 ciclistas en cada categoría.
- Júnior en liña.
- Júnior contra reloxo individual.
- Cadetes en liña.
- Cadetes contra reloxo individual.
- Máster 30, Máster 40, Máster 50, Máster 60 en liña, CRI ou CRE.

Clasificacións separadas e participación conxunta sempre e cando como mínimo tomen a saída 3 ciclistas en cada categoría.

- Sub 23 e Elite, cadetes e juniors CRE

II-L.3.2.- FEMININO

- Sub 23 e Elite en liña, a participación é conxunta pero as clasificacións son separadas cando como mínimo tomen a saída 3 ciclistas en cada categoría, haberá campioa de Galicia en cada unha delas.
- Sub 23 e Elite contra reloxo individual.
- Júnior en liña, cando como mínimo tomen a saída 3 ciclistas en cada categoría.
- Júnior contra reloxo individual
- Cadetes en liña, cando como mínimo tomen a saída 3 ciclistas en cada categoría.

NORMATIVA TÉCNICA 2021

- Cadetes contra reloxo individual.
- Máster 30, Máster 40 en liña, CRI ou CRE. Clasificacións separadas e participación conxunta sempre e cando como mínimo tomen a saída 3 ciclistas en cada categoría.
- Sub 23 e Elite, cadetes e juniors CRE

II-M.- RÁNKING DA FEDERACIÓN GALEGA DE CICLISMO

A Federación Galega de Ciclismo, establecerá un Ránking de puntos para ciclistas con licenza federativa galega. Concederanse puntos en todas as probas competitivas de estrada que se celebren en Galicia de todas as categorías.

Elaborarase un Ránking por categoría e disciplina, tanto masculino, coma feminino.

A Federación Galega de Ciclismo, entregará ao primeiro clasificado do Ránking de cada categoría un galardón como vencedor deste, na Gala do Ciclismo Galego.

O baremo para establecer o Ránking autonómico será en función da clasificación individual de cada proba e repartíndose os puntos entre os 20 primeiros clasificados de cada proba e categoría.

POSTO	PUNTOS
1º	25
2º	20
3º	18
4º	17
5º	16
6º	15
7º	14
8º	13
9º	12
10º	11
11º	10
12º	9
13º	8
14º	7
15º	6
16º	5
17º	4
18º	3

NORMATIVA TÉCNICA 2021

POSTO	PUNTOS
19º	2
20º	1

No caso de empate, sería primeiro o que puntuase en máis probas, de continuar o empate, sería o primeiro o que máis primeiros postos parciais obteña, de manterse, computaríanse os segundos postos e así, sucesivamente. En caso de persistir o empate, declararase vencedor do Ranking FGC o que obteña o mellor posto na última proba do calendario.

No caso de participar en probas por etapas só se concederán puntos collendo como referencia a clasificación final individual da proba.

Para todas as modalidades, as probas tipo challenge puntuarán individualmente cada unha delas.

II-N.- REGULAMENTOS DA COPAS GALICIA DE ESTRADA CADETE, JUNIOR, ÉLITE/SUB 23 E MÁSTER

A Federación Galega de Ciclismo establece como circuito autonómico o denominado COPA GALICIA DE ESTRADA para as probas seleccionadas dos calendarios galegos das categorías: cadete, junior, élite/sub 23 e máster, a excepción dos Campionatos de Galicia que non puntuara para dita Copa.

Un número mínimo de 3 e máximo de 9 serán as probas que compondrán as Copas de Galicia de cada unha das categorías.

II-N.1.- PARTICIPANTES

A Copa Galicia de Estrada está aberta á participación de todos os deportistas, con licenza federativa expedida pola Unión Ciclista Internacional ou algún organismo dependente.

II-N.2.- INSCRICIÓN

O prezo de inscrición nas probas da Copa Galicia de Estrada para as categorías Másters será de máximo 10,00 euros.

II-N.3.- AVITUALLAMENTO

Os organizadores das probas puntuables da Copa Galicia de Estrada Másters entregarán avituallamento sólido e líquido para todos os participantes.

II-N.4.- CLASIFICACIÓN XERAL INDIVIDUAL

As clasificacións xerais individuais actualizaranse despois de cada unha das probas puntuables.

O vencedor da Copa Galicia obterase pola suma dos puntos obtidos en cada unha das

NORMATIVA TÉCNICA 2021

probas, sen descartar ningunha delas, sendo vencedor o que máis puntos obteña. No caso de empate, sería primeiro o que puntuase en máis probas, de continuar o empate, sería o primeiro o que máis primeiros postos parciais obteña, de manterse, computaríanse os segundos postos e así sucesivamente. En caso de persistir o empate, declararase vencedor o que obteña o mellor posto na última proba da Copa.

Para o sistema de puntuación da clasificación xeral individual, outorgaranse puntos aos 25 primeiros clasificados de cada categoría segundo a táboa adxunta:

POSTO	PUNTOS
1º	25
2º	20
3º	18
4º	17
5º	16
6º	15
7º	14
8º	13
9º	12
10º	11
11º	10
12º	9
13º	8
14º	7
15º	6
16º	5
17º	4
18º	3
19º	2
20º	1

II-M.5.- TROFEOS E MAILLOT DE LÍDER

O final de cada proba recibirán o correspondente trofeo os 3 primeiros/as clasificados/as de

cada categoría e os maillots de líder aos primeiros clasificados de cada categoría.

Recibidos os seus trofeos, no seu caso, farase a imposición de maillot de líder da categoría.

No caso de que o/a corredor/a estea presente no podio, manterá o seu lugar no pódium. No caso de que o corredor/a non sexa un dos premiados na proba, acompañará aos premiados desde abaixo do pódium sen subir ao primeiro caixón.

Os líderes teñen a obriga de portar o maillot que o acredita como tal en cada unha das probas puntuables para a Copa Galicia. O incumprimento desta disposición penalizarase con 20 puntos na clasificación xeral individual.

II-N.6.- CERIMONIA PROTOCOLARIA DE ENTREGA DE PREMIOS

O/a corredor/a deberá presentarse na cerimonia protocolaria co equipamento oficial de competición do seu equipo (maillot e culotte), podendo unicamente ser substituído polo equipamento de inverno se as condicións climatolóxicas así o aconsellan. O incumprimento desta norma, penalizarase con 20 puntos na clasificación xeral individual.

Reincidencias: no caso de que un corredor/a incumpra ca norma anterior, aplicaráselle as seguintes sancións: a primeira vez penalizaráselle con 20 puntos, a segunda dobraráselle os puntos e a terceira descualificaráselle da clasificación xeral individual

O corredor/a ten a obriga de presentarse ao acto protocolario de entrega de premios. O seu incumprimento penalizarase con 20 puntos na clasificación xeral individual.

II-Ñ.- PROBAS DE ESCOLAS EN ESTRADA

II-Ñ.1.- REGULAMENTO XERAL

Estas probas celebraranse en circuítos pechados ao tráfico, pistas, velódromos, polideportivos ou similares e sobre todo en lugares chairos e coa máxima seguridade dos/as participantes na proba.

En todas as probas esixirase a presenza dun médico/a e unha ambulancia convenientemente equipada, como mínimo.

A chamada de corredores/as realizarase pola seguinte orde: 1º Club Organizador, a continuación, previo sorteo entre os equipos inscritos, determinarase que club será o 2º, o 3º, etc. tomando como referencia este equipo iráselles nomeando segundo figuren nas listas do Xurado Técnico.

O Director Deportivo da Escola, con exclusión de calquera outra persoa, é o único autorizado a solicitar as explicacións do Xurado Técnico da proba en caso de discrepancia. Os pais, seguidores ou acompañantes dos alumnos non poderán en ningún caso inmiscirse na competición.

Ningunha persoa poderá acceder ao circuíto ata que este se atope completamente pechado ao tráfico e estea presente a asistencia sanitaria, durante as competicións, sesións de arrefecemento e adestramentos, nos que será obrigatorio o uso do casco protector ríxido regulamentario.

Haberá unha zona inaccesible ao público, delimitada, de 10 m. de lonxitude e situada 2 m. antes da liña de Meta; esta zona estará destinada aos Directores das Escolas debidamente acreditados.

O organizador reservará unha zona ou recinto para o desenvolvemento da reunión de directores de escola. Só poderán acceder a esta zona ou recinto, o/a responsable de cada Escola, o Organizador, o Xurado técnico e un membro da Comisión Técnica da Federación Galega presente na proba.

II-Ñ.2.- INSCRICIÓN

Para todas as probas deberase realizar a preinscrición a través do portal de inscricións da páxina web da Federación Galega de Ciclismo. A preinscrición é obrigatoria, non podendo inscribirse no mesmo día da proba.

- Para as probas que se celebren durante o fin de semana, as preinscricións se pecharán o mércores anterior as 23:59 horas.

- Para as probas que se celebren durante a semana, as preinscricións se pecharán catro días antes da proba as 23:59 horas.

Os directores deportivos están obrigados a confirmar a participación dos seus corredores/as debendo presentarse persoalmente coa súas licenzas ao Xurado Técnico na oficina permanente de cada proba desde unha hora e media e ata media hora antes da primeira saída.

II-Ñ.3.- LICENZAS DE UN DÍA

Consultar Título I. Disposicións Xerais

Na saída, os nenos/as que participen coa licenza de 1 día serán nomeados/as cos/as corredores/as da Escola pola que foron inscritos/as e colocados/as ao final do pelotón de corredores/as.

Os/as nenos/as inscritos/as con licenza de 1 día participarán con bicicleta comercial común ou

de competición, no caso que presente un desenvolvemento non conforme ao establecido para a súa categoría e na imposibilidade do corredor a dispor do regulamentario, poderáselle permitir a saída nas devanditas condicións nesta única ocasión. Será obrigatorio para participar o uso do casco ríxido.

Se por exceso de participación, hai un número superior ao límite establecido, os/as devanditos/as corredores/as formarán unha lista de espera que terá prioridade na seguinte gimkanas.

II-Ñ.4.- PARTICIPACIÓN

A participación será conxunta, masculina e feminina. Cando o número de corredoras sexa igual ou superior a 8 participarán de forma independente.

II-Ñ.5.-CATEGORÍAS, CONDICIÓN DE PARTICIPACIÓN, DISTANCIAS E DESENVOLVEMENTOS

II-Ñ.5.1.- PROMESAS

II-Ñ.5.1.1.- PARTICULARIDADES DA CATEGORÍA

O desenrolo máximo que poderán utilizar é de 46 dentes no prato grande e 18 dentes na coroa máis pequena, que equivalente a 5,45 m.

Participarán en xogos e xincanas, poderán dispor tamén, ademais da xincana, dunha proba en liña, será nun percorrido totalmente chairo e nunca cunha distancia maior de 1 km.

II-Ñ.5.2.- PRINCIPIANTES

II-Ñ.5.2.1.- PARTICULARIDADES DA CATEGORÍA

O desenrolo máximo que poderán utilizar é de 46 dentes no prato grande e 18 dentes na coroa máis pequena, que equivalente a 5,45 m.

Participarán en xogos e xincana, poderán dispor tamén, ademais da xincana, dunha proba en liña, será nun percorrido totalmente chairo e nunca cunha distancia maior de 2 km.

II-Ñ.5.3.- ALEVÍNS

II-Ñ.5.3.1.- PARTICULARIDADES DA CATEGORÍA

O desenvolvemento máximo que poderán utilizar é de 46 dentes no prato grande e 16 dentes na coroa máis pequena, que equivalente a 6,14 m.

Disputarán unha proba en liña, será nun percorrido o máis chairo posible e nunca cunha distancia maior de 10 km. Os circuítos sempre serán pechados ao tráfico, e procurando as máximas condicións de seguridade e organización.

II-Ñ.5.4.- INFANTÍS

II-Ñ.5.4.1.- PARTICULARIDADES DA CATEGORÍA

O desenrolo máximo que poderán utilizar é de 48 dentes no prato grande e 16 dentes na coroa máis pequena, que equivalente a 6,40 m.

Disputarán unha proba en liña, será nun percorrido o máis chairo posible e nunca cunha distancia maior de 20 km. Os circuítos sempre serán pechados ao tráfico, e procurando as máximas condicións de seguridade e organización.

II-Ñ.6.-CONTROL DE DESENVOLVEMENTOS

Ao corredor/a que se lle detecte durante un control un desenvolvemento non conforme, seralle denegada a saída, sen posibilidade de rectificación, nin sequera modificando mecanicamente ou procedendo á substitución do elemento da bicicleta causante da falta ou da bicicleta mesma.

II-Ñ.7.-CIRCUITOS

Para as categorías alevíns e infantís, recomendase que os circuitos teñan unha distancia mínima de 1.500m.

II-Ñ.8.-XINCANAS

Co fin de fomentar as habilidades dos/as deportistas, establécese a modalidade das xincanas coa seguinte estrutura de obstáculos que será considerada mínimo obrigatorio.

II-Ñ.9.-PROBAS DAS XINCANAS

O organizador poderá solicitar no seu regulamento particular añadir a carreira en línea, incluso ca posibilidade de facela antes da xincana

Para as categorías promesas e principiantes, a proba poderá consistir en:

1º) Xincana con clasificacións. Resultará vencedor da proba aquel deportista que rexistrei o menor número de penalizacións no conxunto total das probas das que consta dita xincana. No caso de igualdade a puntos, o menor tempo empregado no percorrido, servirá para desempatar.

2º) Carreira en línea con 1 volta para os/as promesas e 2 voltas para os/as principiantes con clasificacións. Na carreira en liña a clasificación realizarase por orde de chegada a meta.

II-Ñ.10.-EXEMPLO DE ESTRUCTURA DOS OBSTÁCULOS.

1º LABIRINTO SIMPLE: sobre un total de 8 conos. Distancia entre conos: Un metro e medio.

Penalización: Tirar 1: -1. Máis dun:-2

2ª LABIRINTO COMPLEXO: sobre 5 conos. Distancia entre conos: 2 metros. Penalización:

Ídem.

3º PASO ESTREITO 1: distancia entre listóns: medio metro. Penalización: Tirar 1:

4º PASO ESTREITO 2: separación do paso estreito: 15 cm.

5º PASO DE ALTURA: altura aproximada: 1m.30cm. Penalización: -1 tírase.

6º SURPLACE: deterse durante 3 segundos os/as **promesas** e 5 segundos os/as **principiantes**.

7º A VOLTA AO CÍRCULO: círculo cun diámetro de tres metros. Realizar dúas voltas.

Penalización: -1p. se sae do círculo ou non completa as dúas voltas.

8º CURVA ACENTUADA Á DEREITA: curva acentuada delimitada con conos. Penalización: -1p.

se tira algún cono ou o ciclista se cae.

9º CURVA ACENTUADA Á ESQUERDA: idem. Anterior.

10º BALANCIN: -1p. se non o pasa.

11º RECOLLIDA DO BIDON: bidón colocado nun círculo dun diámetro de 30 cm. que hai que

coller e depositalo nun círculo do mesmo diámetro situado a catro metros de leste.

Penalización: -1p. se colle e non se coloca dentro do círculo correspondente e -2p. se non se

chega a coller do primeiro círculo.

12º TIRAR A GOL: nunha portería delimitada por dous conos separados entre si por unha

distancia de dous metros, introducir un balón colocado a unha distancia de tres metros e

medio en liña recta. Penalización de -1p. se non se mete gol.

Resultará vencedor/a da proba aquel/a deportista que rexistre o menor número de penalizacións no conxunto total das probas anteriormente mencionadas. No caso de igualdade a puntos, o menor tempo empregado no percorrido, servirá para desempatar.

II-Ñ.11.-TROFEOS

En cada proba de escolas entregaranse como mínimo os seguintes trofeos por cada categoría, independentemente de compitan en conxunto, entregarase o trofeo correspondente a súa categoría, nunca por resultado absoluto na proba.

Para as categorías promesas e principiantes no caso de realizarse as dúas probas: xincanas e en liña poderase facer entrega de premios para cada unha das probas, pero o vencedor/a final nunca sairá das suma dos puntos das dúas.

As corredoras con categoría de cadetes poderán participar conxuntamente coa categoría infantís masculino. Terán opción a trofeo se toman a saída un mínimo de tres corredoras.

O reparto de trofeos será o seguinte:

II-Ñ.11.1.- MASCULINO

- Infantís: 3 trofeos ou medallas para os 3 primeiros clasificados
- Alevíns: 3 trofeos ou medallas para os 3 primeiros clasificados
- Principiantes: 3 trofeos ou medallas para os 3 primeiros clasificados
- Promesas: 3 trofeos ou medallas para os 3 primeiros clasificados.

II-Ñ.11.2.- FEMININO

- Infantís: 3 trofeos ou medallas para as 3 primeiros clasificadas
- Alevíns: 3 trofeos ou medallas para as 3 primeiros clasificadas
- Principiantes: 3 trofeos ou medallas para as 3 primeiros clasificadas
- Promesas: 3 trofeos ou medallas para as 3 primeiros clasificadas.

Os trofeos ou medallas entregados deberan ser os mesmo tanto para os nenos, coma para as nenas. Están prohibidos os premios en metálico.